

ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DO SUBSOLO DE TERREOS DE USO PÚBLICO MUNICIPAL

Artigo 1º. Natureza e fundamento

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, polo artigo 106 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e os artigos 20 e 58 da Lei 39/88, de 28 de decembro, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 da Lei 39/88, de 28 de decembro, acorda a imposición e ordenación da **Taxa pola ocupación do subsolo de terreos de uso público municipal**.

Artigo 2º. Feito imponible

Constitúe o feito imponible da Taxa a ocupación do subsolo de terreos de uso público municipal.

Artigo 3º. Suxeitos pasivos

Serán suxeitos pasivos desta taxa as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 33 da Lei xeral tributaria que gocen, utilicen ou aproveiten especialmente o dominio público local en beneficio particular, consonte algún dos supostos citados no artigo segundo.

Artigo 4º. Responsables

- Serán responsables solidarias das obrigas tributarias dos suxeitos pasivos as persoas físicas e xurídicas ás que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei xeral tributaria.
- Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei xeral tributaria.

Artigo 5º. Cota tributaria

A cota desta taxa será a que figura no anexo desta ordenanza.

Artigo 6º. Beneficios fiscais

Só se admitirán os beneficios que veñan establecidos nas normas con rango de lei ou deriven de tratados ou acordos internacionais.

Artigo 7º. Percepción

Percíbese a taxa e nace a obriga de contribuír:

- Nos servicios de retribución puntual, cando se presente a solicitude de concesión ou autorización do aproveitamento.
- Nos servicios de retribución periódica, percibirase a taxa o día primeiro de cada ano natural.

Artigo 8º. Liquidación

- Cando se trate de servicios puntuais, liquidarase e esixirase a taxa correspondente en calidade de depósito previo, en todo caso antes de iniciarse o expediente de concesión ou autorización do aproveitamento solicitado.
- Cando se trate de servicios de retribución periódica liquidarase a taxa nos períodos que se sinalen na tarifa da taxa ou co padrón anual de exaccións municipais.
- Se se realiza o aproveitamento ou utilización do dominio público municipal sen mediar concesión ou autorización, liquidarase e notificarase a débeda, esixindo o ingreso nos prazos previstos no Regulamento xeral de recadación para a liquidación de contraído previo, sen prexuízo de abri-lo oportuno expediente sancionador por infracción tributaria.

Artigo 9º. Ingreso

O pagamento desta taxa realizarase:

- Nas liquidacións de contraído previo, na Tesourería municipal ou nas entidades financeiras que na notificación se sinalen. En todo caso, o ingreso será anterior ó inicio do expediente de concesión ou autorización do aproveitamento interesado.
- Nas liquidacións por recibo ou padrón, nas datas e entidades financeiras ou oficinas que se sinalen no edicto de exposición pública do padrón.

Artigo 10º. Infraccións e sancións

Nesta materia estarase ó disposto na Lei xeral tributaria e normativa de desenvolvemento.

ANEXO


1º.- A tarifa que se aplicará para esta Tasa, será a seguinte:

<u>CONCEPTO</u>	<u>PESETAS.-</u>
- Pola ocupación do subsolo, solo e vó da via pública, a cuantía se fixa no 1,5% dos ingresos brutos que obteña a empresa de facturación anual.....	1,5%



A large, stylized handwritten signature in black ink.

Boletín Oficial



DE LA PROVINCIA DE PONTEVEDRA

EDITA: EXCMA. DIPUTACION PROVINCIAL
ADMINISTRACION: Sección de Gestión de Recursos
Avda. de Montero Ríos, s/n - Teléfono 80 41 00

FRANQUEO CONCERTADO 35/1

TALLERES: Imprenta de la Diputación Provincial
Paseo Domingo Fontán, s/n
Teléfono 87 34 00

Depósito Legal: PO-1-1958

— MIERCOLES 30 DICIEMBRE —

AÑO 1998

Núm. 249

S U P L E M E N T O

DIPUTACIÓN PROVINCIAL

C. P. A. M.

O presente Suplemento está destinado a publicar os textos íntegros das Ordenanzas Fiscais de Taxas cos seus correspondentes anexos, aprobados definitivamente nas datas e polos Concellos que relacionanse seguidamente, dando cumprimento ó disposto no art. 17.4 da Lei 39/88 reguladora das Facendas Locais e para a súa entrada en vigor no 1 de xaneiro de 1999.

ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POLAS SACAS DE AREA E DOUTROS MATERIAIS DE CONSTRUCCIÓN EN TERREOS DE DOMINIO PÚBLICO MUNICIPAL

Artigo 1º. Natureza e fundamento

O Pleno do Concello, no uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, polo artigo 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e os artigos 20 e 58 da Lei 39/88, do 28 de decembro, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 da Lei 39/88, do 28 de decembro, acorda a imposición e ordenación da Taxa polas sacas de area e doutros materiais de construción en terreos de dominio público municipal.

Artigo 2º. Feito imponible

Constitúe o feito imponible da taxa a utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público municipal coas sacas de area e doutros materiais de construción en terreos de dominio público municipal.

Artigo 3º. Suxeitos pasivos

Serán suxeitos pasivos desta taxa as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 33 da Lei xeral tributaria que gocen, utilicen ou aproveiten especialmente o dominio público local en beneficio particular, cando algún dos supostos citados no feito imponible.

Artigo 4º. Responsables

- Serán responsables solidarias das obrigas tributarias dos suxeitos pasivos as persoas físicas e xurídicas ás que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei xeral tributaria.

- Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei xeral tributaria.

Artigo 5º. Cota tributaria

A cota desta taxa será a que figura no anexo desta ordenanza.

Artigo 6º. Beneficios fiscais

Só se admitirán os beneficios que veñan establecidos nas normas con rango de lei ou deriven de tratados ou acordos internacionais.



lada no artigo 20.2.e) e 20.2.k) da Lei 39/88, de 28 de decembro, consistirá, en todo caso e sin excepción algunha, no 1,5 % dos ingresos brutos procedentes da facturación que obteñan anualmente en cada termo municipal as referidas empresas.

Zona A: Paseo marítimo Praia de Silgar e zona portuaria de Sanxenxo, incluíndo a "Rúa dos Barcos".

Zona B: Inclúe o resto do casco urbán de Sanxenxo e o da vila de Portonovo.

Zona C: Inclúe os cascos urbáns das vilas de Vilalonga, Noalla e A Granxa.

Zona D: Inclúe os demais núcleos do municipio.

Zona E: Inclúe a zona rural do municipio.

Segundo. Data de aprobación. 04.12.98.

SALCEDA DE CASELAS

Primeiro.- A tarifa que se aplicará para esta Tasa, será a seguinte:

CONCEPTO	PESETAS -
- Pola ocupación do subsolo, solo e vó da via pública, a cuantía se fixa no 1,5% dos ingresos brutos que obteña a empresa de facturación anual.....	1,5%

Segundo.- Data de aprobación: 23 de outubro de 1998

SOUTOMAIOR

Primeiro. Tarifa.

LICENCIAS OU PERMISOS IMPORTE DOS DEREITOS

1º.- TUBERIAS:

a) Polo subsolo das vías públicas..... 10 Ptas/m.l.

2º.- Galerías, toma de auga de manantiais e outras obras de extracción de augas..... 15 Ptas/m.l.

Segundo. Data de aprobación: 1 de outubro de 1998.

VILA DE CRUCES

Primeiro.- TARIFA:

A) Empresas explotadoras de servizos de suministros de electricidade, auga, gas ou calquera outro fluido, que afecte a unha parte importante ou a xeneralidade do vecindario, polo conxunto dos distintos elementos das súas redes de distribución pagarán:

1,5 % dos seus ingresos procedentes da facturación que obteñan anualmente no Término Municipal (Art. 24 Lei 39/88).

B) A estrutura, contía e Tarifas desta Taxa serán as seguintes:

EPIGRAFE	CATEGORIA DAS RÚAS			
	ZONA A	ZONA B	ZONA C	ZONAS N y R
Tarifa primeira. Palomillas, transformadores, cajas de amarre distribución y registro, cables raíles y tuberías y otros análogos.				
1. Palomillas para o sostén de cables, cada unha, ó semestre.....	30	17	2	1
2. Transformadores colocados en quioscos. Por cada m ² ou fracción ó semestre.....	1.500	850	75	45
Si o transformador está colocado sobre postes en voo, o valor de ocupación se dividirá por 10. Si está baixo rasante (no subsolo), o valor da ocupación se dividirá por 2.				
3. Caixas de amarre, distribución e rexistro. Cada unha, ó semestre.....	30	17	2	1
4. Cables de traballo colocados na vía pública ou terreos de uso público. Por metro lineal ou fracción ó semestre.....	750	425	38	22
5. Cables de alimentación de enerxía eléctrica, colocados na vía pública ou en terreos de uso público. Por metro lineal ou fracción ó semestre.....	750	425	38	22
6. Cables de conducción eléctrica subterránea. Por cada metro lineal ou fracción, ó semestre.....	375	212	19	11
7. Cables de conducción eléctrica aérea. Por cada metro lineal ou fracción, ó semestre.....	75	42	4	2
8. Conducción telefónica aérea, adosada ou non á fachada. Por cada metro lineal ou fracción de tubería telefónica, ó semestre.....	75	42	4	2